



Grupo Municipal
RIBEIRA

ANXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa colocación e arranxo de diversas marquesiñas na parroquia de Carreira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son xa repetidas as ocasións en que o grupo municipal do BNG demanda ó Grupo de Goberno deste concello a colocación de marquesiñas en diversas parroquias, e entre elas na de Carreira.

Así pois, consideramos urxente e necesaria a colocación ou arranxo de diversas marquesiñas na parroquia de Carreira. Son moitos os rapaces que a diario agardan nestes puntos o bus escolar á intemperie, e non so falamos de alumnos de secundaria que van ó Instituto, senón que estamos a falar de nenos de tres anos que van á escola infantil da Capela, de alumnos de primaria que van á Pe do Corniño, e incluso de anciáns que agardan nestes puntos o autobús para desprazarse.

Na Pé do Corniño, onde se atopa a escola de primaria ademais da colocación dunha marquesiña sería interesante ter algún tipo de sinalización viaria, ben vertical ou horizontal que indique que se debe de reducir a velocidade xa que hai nenos nas proximidades, tamén debería haber un paso de peóns para que os rapaces atravesen a rúa con máis seguranza.

Na escola da Capela hai nenos de tres anos que moitas veces agardan o bus sen ter onde resgardarse das inclemencias meteorolóxicas.

En ámbolos dous casos hai espacio público onde poden colocarse as devanditas marquesiñas.

Ó longo de toda a parroquia as instalacións deste tipo que están colocadas necesitan de reparacións; algunhas atópanse sen a cuberta, outras sen os laterais e non contan con bancos onde agardar sentados.

Cando está a piques de empezar o novo curso escolar, o Grupo de Goberno do Concello de Ribeira debería optar por atender ás demandas da veciñanza, sobre todo cando estamos a falar de nenos e anciáns, cando se fala de prioridades, de demandas urxentes que teñen un fácil arranxo e non suporían un grande esforzo de custo para as arcas do municipio.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte:

SOLICITUDE

- Que se dote nos lugares da Capela e Pé do Corniño dunhas marquesiñas o antes posible, así como da sinalización viaria pertinente.
- Que se proceda ó arranxo do resto das marquesiñas distribuídas por esta parroquia.

Ribeira, 01 de setembro de 2008

Asdo.: Anxeles González Cruxeiras

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA